



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.  
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

## **D E C R E T O S**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se designan catro vogais do Consello Reitor do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan as normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se regula a débeda da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2006.

### **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se establece a composición da Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA).

### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Decreto polo que se establecen axudas públicas en materia de vivenda, a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a xestión das previstas no Real Decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

## **I N F O R M E S**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre accións formativas do Plan de Formación Continua 2006, xestionado a través da EGAP e das consellerías.



## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o Programa estratéxico de infraestruturas rurais 2006-2009.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Informe urxente para o emprego da mocidade no ano 2006.



## **MÁIS DE 8200 EMPREGADOS PÚBLICOS PODERÁN BENEFICIARSE ESTE ANO DOS 406 CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA**

### ▪ *O Consello aproba ademais a designación de novos vogais do CEXESGA*

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, José Luís Méndez Romeu, presentou ao Consello da Xunta o *Informe sobre accións formativas* do Plan de Formación Continua 2006 xestionado a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e das consellerías. Este plan contará este ano con novas actividades e un total de 406 cursos para 8204 alumnos.

O *Informe sobre accións formativas* do Plan de Formación Continua 2006 reforza o compromiso da EGAP coa Administración autonómica de contribuír á súa transformación por medio da innovación, da investigación e da formación dos seus empregados públicos. O Plan de Formación Continua 2006 pretende un triplo obxectivo, a mellora das organizacións, a satisfacción das expectativas do persoal ao servizo da Administración autonómica e a prestación de servizos aos cidadáns có máximo nivel de calidade e eficiencia.

En canto ás accións formativas, o Plan de Formación Continua 2006 engade actividades adecuadas ás novas necesidades detectadas ademais de manter e afondar nas realizadas nos anos anteriores. Entre as novidades do presente ano inclúese a creación dun módulo de calidade para xefes de sección e xefes de negociado e un reforzamento dos cursos de informática e da teleformación, así como de linguaxe administrativa galega e actualización da lingua galega, francés, inglés e portugués.

Segundo recolle o informe, para o ano 2006 están previstas un total de 406 accións formativas que se corresponden con 8639 horas de ensino e 8204 prazas para alumnos. En concreto, a EGAP ofertará 200 cursos, 4377 horas de formación e 3680 prazas. Completan a oferta, os 206 cursos a cargo das distintas consellerías, cun total de 4262 horas e 4524 prazas.

A maior parte dos cursos, 189, van ter lugar en organismos distintos da EGAP, a propia Escola acollerá a realización de 162 accións formativas. O aumento da teleformación tradúcese en 55 cursos, un feito que esixe un grande esforzo na elaboración de materiais didácticos e a resolución dos problemas tecnolóxicos que posibiliten unha maior autonomía na realización destas actividades.

Os cursos de formación abranguen distintas áreas: habilidades directivas, económico - orzamentario, idiomas, xurídico procedimental, recursos humanos - prevención de riscos laborais, especialización de unidades administrativas, tecnoloxías da



información e das comunicacións e, por último, habilidades xerais e información e atención ao cidadán.

### **Novos vogais do Consello Reitor do CEXESGA**

Doutra banda, o Consello da Xunta aprobou o Decreto polo que se designan os novos catro vogais do Consello Reitor do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia (CEXESGA) que corresponde a:

- Ángel María Judel Prieto, presidente da Audiencia Provincial da Coruña
- Carlos Martínez-Buján Pérez, catedrático de Dereito Penal da Universidade da Coruña
- Carlos García Touriñán, xefe do Servizo de Bombeiros e Protección Civil do Concello da Coruña
- Elisardo Fernández Vázquez, xefe provincial de Lugo da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia



## **APROBADO O DECRETO POLO QUE SE REGULA A TAXA DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DA EXPLOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se modifica o Decreto 61/2005, do 7 de abril, polo que se ditan normas para a aplicación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia. A modificación está relacionada coa taxa correspondente a Dirección e inspección da explotación de infraestruturas hidráulicas.

A Lei de orzamentos xerais para o 2006 aplica a taxa por servizos profesionais, na súa modalidade de actuacións profesionais, a un suposto de prestación de servizo por parte do organismo autónomo Augas de Galicia, que consiste na dirección e explotación de infraestruturas hidráulicas. Segundo o decreto aprobado, a exacción da tarifa correspondente dito servizo será o mesmo que o de dirección e inspección de obras realizadas mediante contrato, polo que cómpre a modificación do artigo 12 do decreto 61/2005 coa finalidade de incluír nel a nova tarifa.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A DÉBEDA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA 2006**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se regula a débeda da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2006. Con este decreto autorízase ao conselleiro de Economía e Facenda para a formalización, durante 2006, de operacións de endebedamento que, ademais, poderán facerse de maneira fraccionada en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma.

Igualmente, o decreto autoriza ao conselleiro para concertar operacións de crédito ou de emisión de débeda pública para atender necesidades transitorias de tesourería. O conselleiro de Economía e Facenda fixará as condicións, tipo de xuro, modalidade, amortización e demais características ás que ternán que axustarse as operacións de débeda reguladas no decreto.



## **A COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA (CICETGA) RENOVA A SÚA COMPOSICIÓN**

O Consello da Xunta autorizou hoxe, a proposta da Consellería de Innovación e Industria, a nova composición da Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (CICETGA), o órgano encargado da planificación, elaboración, coordinación e seguimento do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, pasa a ocupar a presidencia da CICETGA, mentres que o director xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, Salustiano Mato, será o novo vicepresidente do organismo.

A Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia encargarase de elevar á Xunta de Galicia o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, de execución cuatrienal, que dotará de coordinación e coherencia todas as actuacións desenvolvidas neste ámbito. O Plan definirá entre outras cuestións o papel das tecnoloxías emerxentes para o noso país, protexerá o coñecemento nas empresas, regulará a transferencia tecnolóxica, potenciará os viveiros de empresa, promoverá a conexión Universidade-Empresa e impulsará medidas para profesionalizar a actividade de I+D+i e mellorar as condicións laborais do persoal investigador.



## O PLAN ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL APLICARÁ CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS EN TODOS OS CONCELLOS

- *O investimento do PEIM 2006-2009 será de 80 millóns de euros, distribuídos en catro anualidades. A repartición establecerá criterios obxectivos, con execución de obras en todos os concellos e tendencia a corrixir os desequilibrios históricos.*
- *Os proxectos singulares asociados directamente ao incremento da superficie agraria útil e ao incremento do número de empregados no sector agrario terán tratamento preferente.*

O Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM 2006-2009) terá un investimento de 80 millóns de euros co obxectivo de incentivar as obras con actuación sobre a base produtiva. A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de elaborar as directrices para un plan de investimentos que se realizará en todos os concellos galegos, coa aplicación dos criterios achegados pola FEGAMP e coa incorporación de medidas que permiten unha mellora na obxectividade da distribución.

Este plan ten previsto contemplar investimentos na totalidade dos concellos do país, mediante proxectos que dinamicen a base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida dos habitantes e de fixar poboación no medio rural. Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que entren nas competencias deste departamento.

A Consellería incidirá nas zonas rurais máis desfavorecidas e terá presente o carácter agrícola, gandeiro ou forestal dos municipios. Os baremos para obxectivar os criterios de distribución son o grao de despoboamento e de envellecemento, a dispersión dos núcleos de poboación e a extensión territorial. Este plan introduce a novidade de primar o criterio de ruralidade na execución dos proxectos e establece unha ponderación en función do carácter agrario do concellos segundo o número de explotacións, cotizantes, maquinaria, cabezas de gando e representación da superficie agraria útil fronte á superficie total.

### **Financiamento**

O período de análise para a asignación orzamentaria comprende dous cuatrienios. O primeiro deles, denominado investimento histórico, correspóndese co período 2002-2005 e foi executado ou está en proceso de licitación, polo que permitirá a programación do cuatrienio 2006-2009. Isto prodúcese como consecuencia de que o





actual Goberno ten en proceso de execución obras que se decidiron na lexislatura anterior e que condicionan os investimentos do executivo actual.

Esta programación plurianual pretende conseguir unha maior racionalización dos investimentos e lograr unha converxencia no esforzo orzamentario. Por razóns de dispoñibilidade económica, os recursos das dúas primeiras anualidades serán destinados a aqueles concellos que quedaron excluídos do PIR 2005 ou que teñan proxectos suspendidos deste plan, sempre que se adapten aos criterios establecidos. A necesidade de realizar actuacións tamén nos 67 concellos excluídos no PIR obriga á redistribución das partidas orzamentarias inicialmente previstas para o que se terá en conta a prioridade que determinen os concellos ou, no seu defecto, a propia Consellería.

O cálculo para a asignación de fondos realízase cun destino do 50% do investimento total cunha distribución fixa de 150.000 euros no período, con restricións segundo o número de habitantes dos concellos e en función do investimento histórico (2002-2005). A outra metade distribuirase en función da poboación rural (30%), do carácter agrogandeiro do concello (20%), do grao de despoboamento (10%), do grao de envellecemento da poboación (5%), dos núcleos de poboación (10%), das entidades de poboación (10%) e da extensión territorial do concello (15%). Esta asignación variable resultante terá tamén criterios de minorización en función do investimento histórico e de índices correctores segundo os coeficientes de agraridade.

A Consellería do Medio Rural porá á disposición dos concellos os servizos técnicos das delegacións provinciais para o asesoramento e a redacción dos proxectos.



## **DOUS DE CADA TRES MOZOS DEMANDANTES DE EMPREGO NON TEÑEN NINGUNHA TITULACIÓN DE TIPO PROFESIONAL**

- *En Galicia hai arredor de 45.000 desempregados menores de 30 anos, dos cales o 60% son mulleres. Así, a taxa de emprego da xuventude galega (49,3%) sitúase seis puntos por debaixo da media estatal*
- *Traballo desenvolverá unha serie de medidas, consensuadas con empresarios e sindicatos, destinadas a mellorar a empregabilidade da mocidade e a fomentar a súa incorporación ao mercado laboral cunha contratación estable e de calidade*
- *Estas son algunhas das conclusións do Informe sobre o emprego da mocidade, presentado esta mañá polo titular de Traballo ao Consello da Xunta*

O titular de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta un informe no que se analiza a situación laboral da xuventude galega e se recollen as liñas básicas de actuación para o 2006, consensuadas cos empresarios e os sindicatos, co fin de mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas galegos.

No documento presentado ao equipo de Goberno analízase en profundidade a situación laboral da xuventude galega, situación que se caracteriza pola alta taxa de paro, que alcanza o 21,4% no caso dos mozos, e o 28% nas mozas; por unha forte presenza do paro de longa duración, que afecta o 19,4% dos rapaces e o 31,4% das rapazas; por graves carencias de formación de tipo profesional e por unha notoria desigualdade por razón de xénero. A taxa de emprego da xuventude galega sitúase así no 49,3%, é dicir, seis puntos por debaixo da media estatal.

A este panorama laboral haille que engadir o fracaso do *Plan Labora: Xuventude con experiencia*, promovido polo anterior goberno da Xunta, que xurdiu coa finalidade de facilitarles aos mozos e mozas desempregados sen experiencia laboral, a adquisición desta experiencia profesional a través dun contrato de traballo de 12 meses de duración mínima. Non obstante, segundo se recolle no informe utilizando como fonte os datos da Enquisa de Poboación Activa, en Galicia con Plan Labora o paro da mocidade incrementouse nun 10,8%, mentres que no Estado sen Plan Labora o paro entre os máis novos descendeu nun 2,4%. Ademais o Labora non tiña carácter universal senón que esixía unha adhesión formal como se a propia e voluntaria inscrición na oficina de emprego non fose suficiente. O Plan Labora non cumpriu outro dos seus obxectivos, xa que non vinculaba as contratacións coa estabilidade, isto explícase pola súa relación aos programas de cooperación, que restrinxe o campo de adquisición de experiencias ás ocupacións relacionadas coas administracións públicas, esencialmente locais.

A raíz desta situación a Consellería de Traballo promoverá unha serie de medidas urxentes destinadas a mellorar a empregabilidade da xuventude e a fomentar a súa



incorporación ao mercado de traballo basicamente a través dunha contratación estable e de calidade.

Os destinatarios destas actuacións son arredor de 45.000 desempregados galegos menores de 30 anos, dos que o 60% son mulleres; os máis de 12.000 parados de primeiro emprego, dos cales o 67,5% son mulleres; os case 30.400 demandantes que non teñen ningunha titulación de tipo profesional, é dicir o 67%; e os 12.000 parados de longa duración, dos que unha inmensa maioría, o 70,9% concretamente, son mulleres.

No conxunto de programas proxectados o número total de participantes superará os 47.000 menores de 30 anos. Así, 20.500 mozos e mozas participarán en programas de mellora da empregabilidade de media ou longa duración (formación ocupacional, formación en alternancia ou programas experienciais). Case 16.000 homes e mulleres menores de 30 anos participarán en diferentes accións de orientación profesional. 8.000 traballadores beneficiaranse dos incentivos para se incorporar a un posto de traballo preferentemente estable ou en empresas cunha taxa de estabilidade superior á media galega, ou para a transformación do seu contrato temporal en indefinido. Así mesmo, 3.000 mozos e mozas beneficiaranse das axudas aos emprendedores.

Estas medidas, consensuadas cos axentes económicos e sociais, terán un carácter transitorio cunha vixencia inicial dun ano, o 2006, mentres as mesas sectoriais do diálogo social non establezan un Plan de emprego xuvenil con medidas máis globais das que inicialmente se poden establecer.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO GALEGO DE VIVENDA QUE ESTABLECE AS AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA E A APLICACIÓN DO PLANO ESTATAL EN GALICIA

- *Prímase os colectivos con máis dificultades para acceder a unha vivenda de calidade: mozos, familias numerosas e monoparentais, colectivos de risco*
- *Créase o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do *Plano Galego de Vivenda*, un documento que recolle as axudas para a adquisición de vivenda que concede a Consellería de Vivenda e Solo e establece a aplicación en Galicia do *Plano Estatal 2005-2008*.

O decreto establece as prioridades da Consellería de Vivenda e Solo en materia de vivenda para os próximos catros anos: favorecer o acceso a unha vivenda de calidade á cidadanía poñendo no mercado vivenda protexida a través dunha oferta “suficientemente diversa como para amparar a demanda de todos os sectores sociais, poboación urbana e rural, mocidade e maiores”.

En segundo lugar, preservar o patrimonio arquitectónico “cunha intensa política de rehabilitación, tanto en núcleos históricos como en núcleos rurais”. En terceiro lugar, a erradicación do chabolismo e a eliminación da infravivenda.

O Plan de Vivenda de Galicia terá entre os seus principios actuar sobre todo nos colectivos máis necesitados:

- persoas en situación de emerxencia social, con ingresos que non superan os 1,5 veces o IPREM (718 euros mensuais), que reciben unha axuda específica de ata 17.000 euros
- familias monoparentais
- familias con persoas con discapacidade
- maiores de 65 anos e familias cun maior ao seu cargo
- vítimas de violencia de xénero ou de terrorismo
- mozos menores de 35 anos, con ou sen fillos
- familias numerosas

### **Axudas aos adquirentes**

O decreto que regula o Plano Galego de Vivenda recolle todas as axudas directas ás que teñen dereito os adquirentes de vivenda protexida de nova construción e usada:



- subvención de 2.500 euros cando os ingresos non superen os 2,5 veces o IPREM (1.197 euros mes)
- subvención de 1.000 euros a unidades familiares cun fillo ou dous
- subvención de 2.000 euros a familias con título de familia numerosa de tres ou catro fillos
- subvención de 4.000 euros a familias con título de familia numerosa de cinco ou máis fillos
- subvención de 2.000 euros en cada unha das seguintes circunstancias: unidade familiar monoparental, unidade familiar con persoas discapacitadas, unidade familiar onde o solicitante teña máis de 65 anos ou unha persoa ao seu cargo desa idade, unidade familiar entre cuxos integrantes haxa vítimas de violencia de xénero ou de terrorismo
- subvención do 25% do prezo total da vivenda cun límite de 17.000 euros a unidades familiares que non superen os 718 euros ao mes
- axudas a fondo perdido para a compra da vivenda que oscilan entre 4.900 e 11.200 euros en función das circunstancias e dos ingresos da unidade familiar
- subvención de 1.500 euros para mozos menores de 35 anos e para maiores de 65 adquirentes dunha vivenda de entre 40-45 metros cadrados
- axuda de 600 euros para os gastos da hipoteca

**A todas estas axudas, a maior parte acumulables, hai que engadir a subsidiación dos préstamos hipotecarios**

Por citar un exemplo do que suporía a suma destas axudas recollidas no decreto galego para os adquirentes de vivenda protexida:

- **Para mozos menores de 35 anos poden recibir axudas para a compra da súa primeira vivenda de ata un máximo de 24.900 euros en función dos seus ingresos e das súas circunstancias persoais.** Podemos citar como exemplos: ata 10.000 euros a fondo perdido para entrada, 2.500 euros a fondo perdido se ingresa menos de 1.200 euros aos mes, 600 euros para a constitución da hipoteca, ata 9.000 euros en caso de que o mozo teña ao seu cargo a algunha persoa discapacitada, maior de 65 anos, sexa vítima de violencia de xénero ou de terrorismo, o forme unha familia monoparental
- **Para os maiores de 65 anos,** poden recibir axudas para compra dunha vivenda protexida ata un máximo de 19.000 euros, sumando todos os supostos
- **Para as familias numerosas:** con tres fillos, terán axudas por unha contía máxima de 23.800 euros, con catro fillos, a axuda máxima ascenderá a 24.000 euros. Con cinco fillos ou máis as subvencións que establece o decreto poden acadar ata un máximo de 27.000 euros



Entre as principais novidades do *Plano Galego de Vivenda* está a creación do *Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida*, como vía para loitar contra a fraude, e para ter un coñecemento exacto da demanda, garantindo a publicidade e a transparencia dos procesos de adxudicación de vivenda protexida.

A Consellería de Vivenda e Solo aposta neste decreto por impulsar a calidade e sustentabilidade das vivendas protexidas, de tal xeito que se conceden axudas aos promotores que incorporen melloras na súa calidade por riba dos mínimos obrigatorios, e para as promocións de vivendas protexidas que incorporen criterios de sustentabilidade.

O decreto tamén recolle importantes actuacións en materia de rehabilitación, con importantes axudas autonómicas que se suman as que proveñen dos recursos do plano estatal. Neste sentido, a Xunta establece axudas de ata 4.500 euros de media por vivenda en áreas de rehabilitación integral en zonas deprimidas, e ata 5.000 euros de media por vivenda en áreas de rehabilitación de centros históricos.

No capítulo de rehabilitación tamén se suman as subvencións para a reurbanización dos espazos públicos desas mesmas áreas, que acadan un 30% do orzamento das obras cun límite do 30% do conxunto das axudas ás vivendas nas mesmas zonas.